

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2014 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2014 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Festa da Rosa do concello de Mos e a Festa das Cereixas de Paiosaco no concello da Laracha.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, este organismo dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 12 de xuño de 2014, que a seguir se transcribe:

«Declarar festas de Galicia de interese turístico, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, as seguintes:

- A Festa da Rosa, que se celebra o 13 de xuño no concello de Mos (Pontevedra).
- A Festa das Cereixas de Paiosaco, que se celebra o primeiro domingo de xullo, no concello da Laracha (A Coruña)».

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2014

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: lpmkm1g0-cdg9-zng1-djq7-zj4jfvmttyos3

